

RESOLUCIÓN da Axencia Galega de Innovación do 14 de xuño de 2018 pola que se informa favorablemente a fase de estadía, segundo o disposto na Orde conxunta da Consellería de Cultura, Educación e ordenación Universitaria e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, do 18 de febreiro de 2016 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, e se procede á súa convocatoria.

A orde do 18 de febreiro de 2016 (DOG Núm. 44, do 4 de marzo de 2016), conxunta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, establece as bases polas que se rexe a concesión das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral, en réxime de concorrencia competitiva. O anexo I desta orde regula a modalidade A destas axudas e establece no artigo 6 que as persoas contratadas polas entidades beneficiarias deberán realizar un mínimo de 21 meses de estadía e obter unha avaliación positiva nesta fase para poder acceder ao contrato na fase de retorno.

De acordo coas directrices emanadas da Instrución 2/2018, do 25 de xaneiro, da Secretaría Xeral de Universidades e da Axencia Galega de Innovación, pola que se inicia o procedemento de avaliación do rendemento na fase de estadía do persoal investigador contratado ao abeiro da modalidade A do programa de axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral para o ano 2016, os servizos técnicos da Secretaría Xeral de Universidades avaliaron a documentación remitida polas universidades en relación coas persoas contratadas e os servizos técnicos da Gain avaliaron a documentación achegada polas demais entidades beneficiarias.

De acordo co Decreto 135/2017, de 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria e co Decreto 50/2012, de 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos, correspóndelle á Axencia Galega de Innovación definir e desenvolver políticas públicas dirixidas á captación e xestión do talento que permitan, no seu conxunto, incrementar o rendemento innovador das empresas e do Sistema Galego de Innovación.

Unha vez finalizado o proceso e de acordo co informe dos servizos técnicos, a Axencia Galega de Innovación,

RESOLVE:

1. Declarar que as persoas indicadas a continuación acadaron unha avaliación positiva da fase de estadía, conforme ao establecido no artigo 6 do anexo I da Orde do 18 de febreiro de 2016 e coa Instrución 2/2018, o que lle posibilitaría acceder ao contrato da fase de retorno.

Nº expediente	ENTIDADE	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI
IN606B-2016/004	Fundación Profesor Novoa Santos	Rocha	Loureda	Beatriz	*****70A
IN606B-2016/005	Fundación Profesor Novoa Santos	Lourido	Salas	Lucía María	*****83W
IN606B-2016/007	Instituto de Ciencias do Patrimonio do CSIC	González	Álvarez	David	*****01Q





Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da presidencia da Axencia Galega de Innovación no prazo dun mes que contará a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer, no seu caso, calquera outro que consideren procedente.

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2018

A directora da Axencia Galega de Innovación

Patricia Argerey Vilar

